



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fundamentos do deseño I

Materia	Fundamentos do deseño I			
Código	P06G450V01104			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Casal, Cristina			
Profesorado	Varela Casal, Cristina			
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Elementos básicos do deseño. Principios fundamentais da organización visual. Principios semánticos. Soportes e formatos. Principios fundamentais da imaxe. Principios fundamentais da tipografía. Fundamentos da composición. Interacción da cor no deseño. Principios da forma e do volume.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A1	Posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, tamén inclúe algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
B1	Saber analizar e sintetizar		
C3	Coñecer os fundamentos estéticos do deseño (morfoloxía, estrutura, cor, espazo, volume, tectónica, tipografía e composición).		
C6	Coñecer os fundamentos e os principios que rexen o uso da tipografía, así como os criterios tecnolóxicos e conceptuais que rexen o seu deseño e a súa utilización. Coñecemento da historia da tipografía e do papel que xogou na evolución do deseño gráfico e editorial ao longo das épocas.		
C8	Coñecer os valores simbólicos e os procesos necesarios no deseño de produtos, na comunicación visual, nos sistemas e nos servizos de deseño.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Analizar e comprender os fundamentos estéticos básicos que rexen a disciplina do deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Analizar a coherencia na organización visual, composición e imaxe nun proxecto de deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Analizar as interrelacións entre a forma e a función no deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Valorar e elixir un soporte e un formato en base aos condicionantes funcionais dun proxecto.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Experimentar coas interrelacións da cor no deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8

Contidos

Tema	
Principios semánticos do deseño	A cultura do deseño Creatividade e deseño
Elementos básicos do deseño	Definición, exemplos e caracterización dos elementos básicos do deseño
Principios fundamentais da organización visual: composición	Equilibrio, ritmo, xerarquía, proporción, contraste, repetición, espazo negativo..
A cor no deseño	Caracterización da cor, modelos tridimensionais Armonías e contrastes Usos funcionais da cor Accesibilidade e lexibilidade
Principios da forma e do volume	Principios da forma; Simetría, asimetría, ritmo contraste, equilibrio Principios do volume; profundidade, proporción, textura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	36	48
Traballo tutelado	12	40	52
Resolución de problemas	18	29	47
Actividades introdutorias	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición de contidos teóricos relacionados coa materia. Grupos de discusión e debates.
Traballo tutelado	Proposta de traballo por proxectos. Valorarase a evolución tutelada do traballo e as artes finais. Abordaranse principios e procesos conceptuais e formais.
Resolución de problemas	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico, de deseño e visual específico.
Actividades introdutorias	Actividades deseñadas a realizar unha avaliación diagnóstica do alumnado, presentar a materia e situala no contexto do plan de estudos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Se titorizará o traballo do alumnado de forma directa e personalizada nas sesións de clase. Acompañaráselle e guiará no desenvolvemento conceptual e procesual do traballo por proxectos
Resolución de problemas	Se titorizará o traballo do alumnado ao que se guiará no desenvolvemento procedimental dos exercicios/problemas

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Proba final de avaliación de coñecemento de contidos teóricos	25	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Traballo tutelado	Proposta de traballo por proxectos. Valorarase a evolución tutelada do traballo e as artes finais.	20	A5	B1	C3 C6
Resolución de problemas	Varias entregas (mínimo de 3) de problemas ou exercicios que se avaliarán de forma independente nas que se terá en conta a execución técnica/conceptual adecuada de formulacións, procesos, e procedementos	40	A5	B1	C3 C6
Observación sistemática	Valorarase a asistencia, o grao de interese, o seguimento de exercicios e a participación activa na materia, así como a evolución na traxectoria do curso.	15	A1 A5	B1	C3 C6 C8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua: Serán aplicados as porcentaxes e conceptos anteriores

O alumnado que siga a avaliación continua terá que entregar todos os traballos, exercicios e probas para ser avaliado nesta modalidade, así como cumprir coa asistencia obrigatoria.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. Imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

Avaliación global: O estudiantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicarllo por escrito ao responsable da materia no prazo máximo dun mes dende o inicio da docencia da materia e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua.

Neste caso, a avaliación será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: Varias entregas independentes (mínimo de 3) de problemas ou exercicios que se avaliarán de xeito independente nas que se terá en conta a execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter plástico, de deseño e visual específico.

60%

- Lección maxistral/ proba final de avaliación de coñecemento de contidos teóricos

40%

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na convocatoria extraordinaria o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características requiridas na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, a desenvolverse durante o período oficial de exames.

A avaliación será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: Varias entregas independentes (mínimo de 3) de problemas ou exercicios que se avaliarán de xeito independente nas que se terá en conta a execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter plástico, de deseño e visual específico.

60%

- Lección maxistral/ proba final de avaliación de coñecemento de contidos teóricos

40%

A non presentación dalgún dos exercicios suporá o suspenso da asignatura, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

Datas de avaliación:

Poden consultarse todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro na dirección:

<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Munari, B., **Diseño y comunicación visual.**, Gustavo Gili, 1984

MUNARI, B., **¿Como nacen los objetos?**, Gustavo Gili, 2016

PETER BOERBOOM , TIM PROETEL, **EL COLOR COMO MATERIAL Y RECURSO VISUAL**, Gustavo Gili, 2019

Munari, B., **Artista y diseñador**, Gustavo Gili, 2019

Ellen Lupton y J. Abbott Miller, **El ABC de la Bauhaus**, Gustavo Gili, 2019

Wucius Wong, **Fundamentos del diseño**, Gustavo Gili, 2011

Josef Müller-Brockmann, **Sistemas de Retículas**, Gustavo Gili, 2012

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Expresión artística: Fundamentos da cor/P06G450V01106

Expresión artística: Fundamentos do debuxo/P06G450V01102

Laboratorio de materiais/P06G450V01103

Laboratorio integrado: Procedementos I/P06G450V01107

Outros comentarios

non hai
